



CONCELLO DE REDONDELA

NOTA INFORMATIVA sobre medidas tributarias adoptadas pola Oficina de Xestión Tributaria e Recadación do Concello de Redondela tras a declaración do estado de alarma debido á evolución do COVID-19

Ante a situación de emerxencia sanitaria que estamos vivindo, na Oficina de Xestión Tributaria e Recadación do Concello de Redondela estamos poñendo todos os medios e recursos o noso alcance para garantirles o mellor servizo e facer fronte ó contaxio da enfermidade.

Non se preocupe se ten algún trámite pendente. Sabemos do impacto negativo que esta crise sanitaria está tendona economía de todos os cidadáns, por iso o Concello de Redondela adoptou unha serie de medidas excepcionales, baseándonos no RD Ley 8/200 de 17 de Marzo, que perseguen axudar a sobrelevar esta situación.

As medidas máis salientables serían as seguintes:

- **Imposto de Vehículos de Tracción Mecánica 2020:** o periodo voluntario de pagamento posponse ata que se normalice a situación (anunciarase o novo prazo de periodo de pagamento así como a nova data prevista para o cargo en conta dos recibos domiciliados).
- **Taxa Postos da Feira 2020:** fixarase un novo periodo voluntario de pagamento e unha nova data para o cargo en conta dos recibos domiciliados e rectificaranse os recibos de padrón en función do número de feiras que non se realicen polo estado de alarma.
- **Taxa Escola de Música:** non se aprobarán nin por tanto se volverán a cargar recibos en conta ata que se reanuden as clases.
- **Fraccionamentos:** os fraccionamentos aprobados que tiveran previsto un cargo en conta o 20/04 cargaranse definitivamente o 30/04 (xunto con aqueles que viñeran devoltos no cargo en conta realizado o 20/03).
- **Domiciliacións:** os cargos en conta das domiciliacións da Taxa de Mercados do 1º Bimestre 2020 e da Taxa de axuda no fogar de Marzo 2020, cargaranse en conta o 20/05.

Para obter máis información sobre o estado e prazos de pagamento dos seus recibos e liquidacións, ou calquera outro trámite que desexe consultar, a Oficina de Xestión tributaria e Recadación prestará os seus servizos, mentres dure o estado de alarma, a través das seguintes canles:

- Internet, na dirección <https://redondela.tributoslocales.es>
- No teléfono: 986 408374
- Ou por correo electrónico: redondela@canaltributos.com